

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28/07/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licencias Urbanísticas.
- 3º.- Aprobación Definitiva Estudio de Detalle.--
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **28/07/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 14 de Xullo de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Licencias Urbanísticas.

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A H. F. C., veciño de Santiago de Compostela, con DNI 33.299.544-Y, para proceder á realización de obras consistentes na **Demolición Parcial e**

Rehabilitación dunha Vivenda existente na Rúa Real, 42 desta Vila (Referencia Catastral 8607702MH7580N0001MT) para destinar a establecemento público de Hotel debendo axustarse:

1) Ó Proxecto de Demolición Parcial de Edificación de data 7 de Febreiro de 2016.

2) Ó Proxecto Básico de Establecemento Hosteleiro de data 18 de Xullo de 2016, redactado polo Arquitecto Herique Ferro Cruz.

3) As condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en Informe de data 1 de Xullo de 2016 e o da Arquitecta que presta servizos dentro desta Corporación de data 27 de Xullo de 2016 que constan no expediente e do que se dará traslado ó Promotor das Obras.-

Antes do comezo das obras deberá presentar o Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do indicado no Artigo 2º do Real Decreto 1000/2010 de 5 de Agosto para a súa revisión polo Departamento de Urbanismo.

Presentaránse os nomeamentos de Director das Obras de Rehabilitación que terá unha titulación de Arquitecto, Director de Execución coa titulación de Arquitecto Técnico así como do Coordinador de Seguridade e Saúde.

Antes o inicio da actividade, o promotor comunicarao ó Concello mediante escrito no Rexistro Xeral de Entrada, acompañando a seguinte documentación:

-- Certificado final da dirección das obras debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente.

-- Acta de recepción das obras se esta se houbera outorgado expresamente ou ben a acreditación da súa recepción tácita.

-- Certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, suscrito pola Dirección Facultativa da obra ó que deberá acompañar a cualificación de eficiencia enerxética do edificio rematado, sinalada na escala de eficiencia enerxética (artigo 8.7º) do Decreto 42/2009 do 21 de xaneiro.

-- Liquidación final das obras asinada pola dirección facultativa das obras.

-- Certificado asinado por técnico competente no que se acredita que se cumpre coa normativa de rúidos.

-- Certificado asinado por técnico competente indicando que cumpre o DB-SI 1.4 "Reacción ao lume dos elementos construtivos, decorativos e de

mobiliario”, DB-SI 2 “propagación exterior” e DB-SI 6.2 “Resistencia ao lume da estrutura”.

-- Xustificación acreditativa de ter comezado o trámite ante a Dirección Xeral de Catastro da nova situación da edificación.

-- Escrito no que se solicite que os servizos técnicos deste Concello de Fisterra xire visita onde se poida comprobar o cumprimento dos condicionantes anteriormente referidos.

-- En aplicación do exposto no artigo 11ª.-) do Decreto 106/2015 de 9 de Xullo, de contaminación acústica de Galicia, deberá dispoñer antes do comezo da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12º.-) da referida Lei, ou non sendo obrigatorio no caso de que se faga constar que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior en calquer horario a 75 dB.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos e non poderán interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

- Catro mil catrocentos corenta e nove euros con once céntimos (4.449,11 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, relativo ó Proxecto Básico, no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 202.232,16 euros.

-- Sesenta e cinco euros con noventa céntimos (65,90 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (2,2 %) relativo ó Proxecto de Demolición no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais.

A R. D. D., veciño de Fisterra, con DNI 32.320.320-F e domicilio neste Termo Municipal, para proceder á Construción dun muro de pedra nunha lonxitude de 65 metros e altura de 1,30 metros, nunha parcela sita na citada localidade (Referencia Catastral 15038A503001160000DT).

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

- **Once euros con setenta e dous céntimos (11,72 €) en concepto da diferenza ingresada do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 6.532,50 euros.**
- **Un euro con sesenta céntimos (1,60 €) en concepto da diferenza ingresada da Taxa de Tramitación, no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 0,30% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 6.532,50 euros.**

A J. R. C., veciño de Fisterra, con DNI 76.341.421-M, ó desmorte dun terreo e construción dun muro de contención e escaleira de acceso á vivenda, sita na rúa de residencia; a parte do muro de contención e a vía pavimentada será urbanizada cunha beirarrúa de baldosa hidráulica de 1,80 metros de ancho e bordillo de formigón.

O muro separarase do eixo da vía 5,11 metros cumprindo coa aliñación establecida polas Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico vixente.

Deberá axustarse á Memoria redactada polo Arquitecto Técnico José-J. Baliña Romero, de data 25/03/2016, que consta no expediente.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

- **Oitenta e un euros con doce céntimos (81,12 €) en concepto da diferenza ingresada do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 7.687,15 euros.**
- **Once euros con seis céntimos (11,06 €) en concepto da diferenza ingresada da Taxa de Tramitación, no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 0,30% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que**

presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 7.687,15 euros.

3º.- Aprobación Definitiva Estudio de Detalle.--

Unha vez examinado o expediente, visto que o anuncio da aprobación inicial foi publicado no periódico de La Voz de Galicia de data 19 de Xaneiro de 2016 e Diario Oficial de Galicia número 23 de 4 de Marzo de 2016 por espazo de Vinte días hábiles comprendido entre o día 5 ó 29 de Febreiro de 2016 e que unha vez rematado non foi formulada ningunha alegación contra o mesmo,

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía e en virtude das facultades que confire o Art. 21- 1 j) da Lei 57/ 2003 do 16 de Decembro de medidas para a modernización do Goberno Local por unanimidade dos presentes acorda:

1) Aprobar Definitivamente o Estudio de Detalle para Definición de Alienacións e rasantes dun solar na rúa Correo da Vila de Fisterra redactado polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado de data Marzo 2015 a instancia de M. J. R. D. que consta no expediente, ao reunir os requisitos establecidos no Art. 73 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia na redacción dada na Lei 15/ 2004 de 29 de decembro e ter sido informado favorablemente por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 11 de Xullo de 2016.

2) Publíquese o contido deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia aos efectos legalmente establecidos.-

4º.- Asuntos varios.-

A) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. D. T., veciña de Fisterra, con DNI 32.814.809 L, unha axuda polo importe de Cento setenta e sete euros con cincuenta céntimos (177,50 €) para adquisición de gafas con destino a súa filla, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

B) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. A., veciño de Fisterra, con NIE X1887568 G, unha axuda polo importe de Douscentos sesenta euros (260,00 €) para adquisición de gafas, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

C) A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Conceder a SOCIEDAD DEPORTIVA FISTERRA " con CIF G15382781 e domicilio social na Rúa Charca s/n desta Vila, as seguintes Axudas Económicas ano 2016 :

FINALIDADE	IMPORTE
Limpeza e mantemento Vestiarios	2.500,00 €
Gastos Arbitraxe Categorias Bases	750,00 €
TOTAL	3.250,00 €

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:00 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.